

Especialistas analizarán en Lugo a carga de memoria que contén cada palabra

- A Xornada de Literatura Oral será o día 21 de outubro
- Estudarán a relación da verba cos lugares ou as lendas

Un poñente fala latín canteiro

Antonio Reigosa informou de que un participante das xornadas, Faustino Santiago Lema, de Ponteceso, «aínda fala latín dos canteiros, a xerga do seu oficio, co irmán, que vive na Coruña». Engadiu que «eles chaman 'verbo' ou 'verbo xido'» a esa lingua xe particular na que aínda se comunican.

Misterio

Lema intervirá na sesión práctica 'Palabras con misterio: o latín dos canteiros' xunto co investigador Xesús Antón Gulías, e os seus colegas canteiros Marcos Escudero e Xabier Quijada.

JAUREGUIZAR

sjaureguizar@elprogreso.es

LUGO. A décima Xornada de Literatura de Tradición Oral reunirá o día 21 do mes vindeiro en Lugo un grupo de especialistas para debatir sobre a palabra como continente de memoria. O coordinador Antonio Reigosa sinalou que «a memoria é conocemento, porque, o que retés non é o que viches, senón o que aporta iso que viches».

Ese encontro centrarase na memoria que contén cada palabra analizándoa dende punto de vista diversos, como a toponimia, a onomástica, a lexicografía, a fraseoloxía e mesmo a xerga. Antonio Reigosa indicou que o obxectivo «é achegar a importancia da palabra como significado e como cultura».

Esa importancia queda resaltada «polas palabras que non están nos diccionarios» e que Isidro Novo, outro coordinador, «está recollendo na páxina da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)». O colectivo de autores promove o encontro xunto coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG).

NOMES. Un achegamento á tradición oral partindo do sistema galego de nomes de persoas, a cargo de Xulia Marqués Valea, abrirá o programa. Esta experta considera que o estudo da antropónomia

permite acceder a novos puntos de vista na análise da literatura transmitida oralmente. A continuación, Isidro Novo falará sobre as palabras que siguen existindo á marxe da lexicografía «porque, por diversas razóns, non atoparon sitio nos nosos diccionarios», indica o programa. Como conclusión, ambos manterán un coloquio.

A presenza de valores antropolóxicos, etnográficos e míticos nas frases será exposta por Rosario Soto Arias, quen considera que a fraseoloxía dá chaves para avanzar nos estudos sobre a cultura humana a través do manexo de elementos das ciencias sociais.

Gonzalo Navaza hablará de toponimia e lendas, que ofrecen pistas sobre esta materia de fantasía. A seguir, integrará unha mesa redonda sobre 'O abc do noso ADN simbólico-cultural' xunto con Rosario Soto. Ambos comentarán a fraseoloxía e a toponimia como guías para percorrer a estrutura de símbolos da cultura.

Antonio Reigosa afirmou que o número de participantes nas edicións anteriores de este congresso andaron cerca do cento. A metade deles foron docentes que «tratan de mellorar o coñecemento sobre esta da cultura», e a outra metade, asistentes de moi diversas procedencias que se achegan porque lles interesan os temas que se tratan.